

BASES da CONVOCATORIA DE BOLSAS DE AXUDA PARA CURSAR ESTUDOS NA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MUROS PARA O CURSO 2.009/10.

Primeira.- Segundo as bases reguladoras da matrícula da Escola de Música Municipal de Muros, establécense dez bolsas de axuda para cursar estudos nesta Escola, que consisten na redución de pagos da matrícula e mensualidades entre un 50% e o 100% do total do seu custo. Estas axudas son financiadas polo Concello de Muros.

OBXECTO DA CONVOCATORIA:

Segunda.- As axudas teñen por obxecto contribuír aos gastos que comporta a realización de estudos na Escola de Música Municipal de Muros, co fin de que todas as persoas con habilidades musicais especiais poidan cursar estudos na mesma, sen que os condicione a súa situación económica.

REQUISITOS ESIXIDOS AOS SOLICITANTES:

Terceira.- Que os/as alumnos/as destinatarios/as das axudas sexan veciños/as, e estean empadroados/as, no municipio de Muros.

Cuarta.- Que presenten a documentación esixida no prazo que para este fin se establece, **do 19 ata 30 de Abril de 2010**.

Quinta.- Non posuír uns recursos económicos superiores aos que se fixen nas Bases da Convocatoria: Que a renda mensual per cápita da unidade familiar non supere o 80 % do IPREM.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Sexta.- As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada do Concello de Muros, dende o día **do 19 ata 30 de Abril de 2010**, con suxeición ao modelo aprobado, e achegando a seguinte documentación:

1/ Fotocopia do DNI do solicitante, ou do seu pai, nai ou titor, en caso de menores de idade.

2/ Fotocopia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio de 2.008, de tódalas persoas que compoñen a unidade familiar. No caso de non estar obrigado legalmente a preséntala, haberá que presentar unha declaración xurada que acredite ese extremo e na que tamén se fagan constar os membros e os ingresos anuais da unidade familiar, achegando os xustificantes de que se dispoña. O Concello resérvase a facultade de requirir información Complementaria.

3/ Os/as solicitantes poderán xuntar calquera outra documentación que xulguen de interese para avalia-la situación da familia.

BAREMO APLICABLE PARA A CONCESIÓN:

Sétima.- Para o outorgamento das axudas utilizarase un baremo integrado polos seguintes conceptos:

a/ Capacidade económica familiar,

que é a resultante de dividi-los ingresos totais da unidade familiar polo número de membros que a compoñen. Entenderase por ingresos a suma total dos que percibisen durante o ano 2.008 os membros da unidade familiar en calidade de salarios, pensións, rendas e calquera outro concepto dos que prevé o imposto sobre a renda das persoas físicas.

Que se puntuará de 0 a 4 puntos

b/ Méritos Académicos: Solicitarase ao equipo directivo da escola un informe sobre as habilidades musicais dos solicitantes, que puntuará de 0 a 5 puntos,

c/ Familia numerosa. Puntuación máxima, 1 punto.

CONCESIÓN DAS AXUDAS:

Oitava - As bolsas serán adjudicadas pola Xunta de Goberno Local atendendo ao baremo estipulado nestas bases.

Novena.- A resolución da convocatoria producirase no prazo máximo de 40 días, a partir do seguinte ao da finalización de presentación de solicitudes.

Décima.- Estas Bases expoñeranse ao público no taboleiro de edictos da Corporación, no taboleiro de anuncios da Escola de Música Municipal de Muros e nos lugares de costume do municipio.

Muros a 15 de Abril de 2010

A Concelleira Delegada de Cultura, Deportes, Educación e Mocidade

Laura Eiras Rivadeneira